

AULAS
CON
SOFTWARE

2012-2013



Ceip Chano Piñeiro -Gondomar

Proxecto TIC

1.Xustificación

A integración das **TIC** no ámbito educativo posibilita, unha mellora substancial nos procesos de ensino e aprendizaxe. De aí a imperiosa necesidade de que éstas sexan utilizadas por todo o profesorado e de *que o seu uso non quede relegado só a determinados expertos.*

As TIC ao servizo do noso proxecto educativo.

1.Xustificación e antecedentes

A integración das TIC no ámbito educativo posibilita, por unha banda, unha mellora substancial na xestión dos centros educativos e, por outro, un avance significativo nos procesos de ensino e aprendizaxe. De aí a imperiosa necesidade de que estas sexan utilizadas por todo o profesorado e de que o seu uso non quede relegado só a determinados expertos. Son tamén un instrumento que facilita a formación permanente.

No noso centro lévase facendo dende hai varios anos un importante esforzo polo emprego das novas tecnoloxías de información e da comunicación .

- Fomos centro piloto Xade durante para a posta en marcha do XADE .
- Fomos poñentes Aulas con software en:

Aulas con
2006 *Software*



O Ceip Chano Pineiro é un centro situado no concello de Gondomar, que ten máis de trescentos alumnos en dúas liñas de infantil e primaria.

O nome do centro é sinónimo de cine ,en galego: Chano Piñeiro. O mesmo director de cine en persoa estivo de visita no colexeio de Gondomar, e trasmitíulles ao alumnado de entón, ese entusiasmo que tentamos transmitir a os fillos de aqueles para que hoxe traballen en varios proxectos (coma a radio, no proxecto Pontenasondas) e que as Tic sexan ferramentas do seu traballo.

As pantallas interactivas permiten que nós poidamos ser artífices directos da maxia das imaxes e as palabras.

- Temos o distintivo de membros da radio escolar en

Ponte... nas ondas!

- Dende o ano 2006 traballamos con blogs de aula:

<http://chanosp.blogspot.com/> (inactivo)

<http://chanos6.blogspot.com/>



Itinerante: Un portátil para necesidades puntuais con conexión a internet inalámbrica.

O centro dispón dun sistema wifi para dar cobertura de internet nas aulas ordinarias dado que non temos o centro cableado, esperamos que nun futuro sexa posible cablealo para acadar un mellor servizo.

3, Obxectivos, metodoloxía, actividades, iniciativas pedagóxicas innovadoras e cambios metodolóxicos que fomenten un mellor aproveitamento das Tic nas aulas.

Obxectivos xerais:

- Continuar e afianzar o proceso xa emprendido de “alfabetización dixital” de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Contribuír á integración dos novos medios nas aulas.
- Argumentar e demostrar que o futuro das novas tecnoloxías da información e a comunicación, de cara a servir á sociedade, teñen que asumirse a través de proxectos educativos e desenvolverse dende eles.
- Ofrecer os nosos proxectos pedagóxicos, debidamente razoados e xustificados, de forma que sexan estes os que reclamen os medios a utilizar e non ao revés.

Específicos do profesorado:

- Actualización e adquisición por parte do profesorado duns coñecementos teóricos e prácticos así como xerar unha dinámica de autoformación, de traballo en grupo e dun sentido crítico ante as novas tecnoloxías
- Fundamentar e desenvolver un novo modo de relación entre as novas tecnoloxías e a educación que podemos cualificar de integrador.
- Introducir as TIC no ensino de forma xeneralizada e innovadora, analizando os cambios que supoñen para o profesor, como mediador nos procesos de ensino-aprendizaxe.

Específicos da aula:

- COMUNICACIÓN: comprender e expresar mensaxes con corrección, interpretando e utilizando axeitadamente os códigos correspondentes, tanto informáticos como da lingua oral e escrita.
- INFORMACIÓN: buscar e utilizar a información necesaria para poder resolver os traballos programados.
- INTERPRETACIÓN DO MEDIO: Aplicar os conceptos básicos adquiridos nas outras áreas para interpretar e comprender as aplicacións técnicas máis comúns.
- ESTRATEXIAS E PROCEDEMENTOS: aplicar estratexias de análise e resolución de problemas propios da informática.

- **AUTOESTIMA:** adquirir os coñecementos suficientes de si mesmos, das súas posibilidades e das súas limitacións, para poder optimizar os logros persoais e potenciar a súa autoestima.
- **TRABALLO EN EQUIPO:** planificar e realizar traballos en equipo con actitude colaboradora.
- **RESPECTO ao MEDIO:** utilizar os seus coñecementos científicos e tecnolóxicos para saber aproveitar do medio natural e adoptar comportamentos de respecto ao medio.

Específicos das familias:

- Fomentar a “alfabetización dixital” do entorno dos nenos.- Establecer co Centro unha dinámica de colaboración que vaia máis alá do que poda ser referente ó seu fillo ou filla.
- Crear un sentimento de respecto por todas as posibilidades que o entorno social e natural propio do centro ten.
- Levar ata os fogares a idea de que ordenadores e Internet teñen outros usos máis alá do simple lecer.

Metodoloxía

As Novas Tecnoloxías na escola deben entenderse inmersas nas distintas áreas curriculares. O alumnado emprégaaas para descubrir ou reforzar aprendizaxes recollidas no currículo cotián. O tema de investigación xurde dos centros de interese do resto das áreas: Coñecemento do Medio, Linguaxe, Matemáticas, Inglés, etc. Proponemos varios métodos de traballo que se levarán a cabo segundo a tarefa que se pretenda realizar:

Proxectos de Clase: cos que se busca facilitar, mellorar ou afondar, co uso das TIC, a aprendizaxe noutras materias, ademais de afianzar as habilidades adquiridas no manexo das ferramentas informáticas.

Proxectos que no seu desenvolvemento empregan recursos de Internet preseleccionados polo profesor/a, de maneira que o alumno, para realizar a tarefa, se centre na utilización dos recursos e non en buscalos.

Actividades para aprender Informática e uso dos recursos de internet: Actividades concretas para desenvolver competencia no uso das distintas ferramentas informáticas e da Rede.

Programas educativos e didácticos, tanto de uso comercial como libre que poden descargarse de Internet ou para uso en liña. Estes programas reforzan ou axudan na aprendizaxe de aspectos curriculares ao tempo que resultan motivadores e lúdicos para o alumnado.

As unidades didácticas en liña. Son contidos didácticos interactivos e altamente motivadores pensados para reforzar as aprendizaxes básicas.

Para desenvolver esta metodoloxía será preciso fixar tempos e espazos para os grupos do alumnado participante:

- Reservar a cada grupo de alumnos do centro (dende EI de 3 anos ata 6º de EP) un mínimo de unha hora semanal, dentro do seu horario lectivo, para acudir á aula da pantalla dixital, xa sexa co seu profesor/a titor/a ou cun profesor especialista
- Dispoñer en cada aula do centro dun recanto do ordenador (un ou dous ordenadores) para traballar en pequeno grupo.
- Aproveitamento do espacio de informática-biblioteca polas tardes para que o alumnado poida manexarse coas TIC en contornos libres.

Actividades

- _ Uso de distintos software para o desenvolvemento de explicacións e correccións de tarefas dentro da aula
- _ Uso de programas educativos como reforzo e ampliación de contidos.
- _ Crear, modificar textos e presentacións con OpenOffice.
- _ Busca de información na web. Navegación.
- _ Comunicación con outros compañeiros.
- _ Consulta de enciclopedias dixitais.
- _ Consulta de dicionarios.
- _ Iniciación a Internet.
- _ Animación

Contidos:

Trátase de utilizar un potente recurso para mellorar a nosa práctica docente e conseguir que a educación sexa máis motivadora.

Sen embargo, para que o alumno/a poida aproveitar convenientemente todas as posibilidades que se ofrecen, é preciso que teña un coñecemento dos equipos informáticos e como funcionan. Neste sentido, o alumno/a debe ser posuidor de destrezas, habilidades e coñecementos nesta área.

A nosa web xa recolle as tarefas que reflicten estes obxectivos

Secuenciación das Dimensións e indicadores das competencias básicas(TIC)

Dimensións

Competencias

• Indicadores 1<2<3<4 INF 1ºC 2ºC 3ºC

	1	2	3	4
Sistemas informáticos (hardware, redes, software)				
Cóñecer os elementos básicos do ordenador e as súas funcións				
<ul style="list-style-type: none"> • Distinguir entre elementos de hardware e de software. • Localizar, identificar os elementos físicos básicos do computador:pantalla, teclado, rato,. • Interactuar adecuadamente con programas de instalación guiada sinxelos. 	1	2	3 1	4 1 2
Conectar os periféricos básicos do ordenador e mantemento				
<ul style="list-style-type: none"> • Localizar os principais periféricos de entrada (rato, altofalantes, teclado...) e de saída(monitor,impresora, altofalante...) e conectedos. • Realizar as operacións básicas de manipulación e mantemento dunha impresora, contemplando un gasto racional de consumibles. 	1	2	3 1	4 2

<p>Coñecer e realizar o proceso correcto de inicio e apagado dun computador</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e localizar os interruptores dun computador e da súa impresora: inicio, apagado, reinicio (reset). 	1	2	3	4
<p>O sistema operativo</p>	INF	1°C	2°C	3°C
<p>Coñecer a terminoloxía básica do sistema operativo: arquivo, cartafóis, programas...:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer os elementos básicos representativos do escritorio: iconas, barra de tarefas. • Distinguir entre programas, documentos e cartafóis e recoñecer as súas iconas. 	1	1 1	2 2	3 3
<p>Gardar e recuperar a información no computador e en diferentes soportes (cd,disco duro,lapiz....:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as características das unidades de almacenamento (discos duros internos e portátiles, disquetes, CD-ROM e DVD grabables...) • Explorar, localizar e recuperar os arquivos dunha unidade de almacenamento. • Copiar, mover, crear e borrar arquivos nas unidades de almacenamento. • Crear cartafóis (directorios) e nomealas de acordo ao seu contido. 		1	1 2 1	1 2 3 2
<p>Realizar actividades básicas de mantemento do sistema(antivirus, copias de seguridade, eliminar información innecesaria...):</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a existencia ou inexistencia dunha protección antivirus nun computador. 			1	2

<ul style="list-style-type: none"> Utilizar adecuadamente a papeleira de reciclaxe do sistema. 		1	2	3
Coñecer distintos programas de utilidades: compresión de arquivos, visualizadores de documentos... <ul style="list-style-type: none"> Identificar os programas de utilidades existentes no computador e a forma de acceder a eles (calculadora, bloc de notas...). 			1	2
	INF	1°C	2°C	3°C
Saber usar os navegadores: navegar por internet, almacenar, recuperar, clasificar e imprimir información. <ul style="list-style-type: none"> Acceder a sitios web tecleando a dirección URL na barra de direccións ou seleccionándoa no menú de favoritos. Utilizar as funcións básicas do programa navegador :avance/retroceso , historial , deter, actualizar, recoñecer hipervínculos, imprimir información... Coñecer e utilizar os buscadores (de páxinas web, imaxes...) máis usuais. 			1	2
			1	2
			1	2
	INF	1°C	2°C	3°C
Procesamiento de textos				
Coñecer a terminoloxía básica sobre editores de texto: formato de letra, párrafo, marxes... <ul style="list-style-type: none"> Coñecer as principais fontes de caracteres e os seus formatos básicos: negrita, cursiva, subliñado. Coñecer os conceptos básicos asociados aos párrafos: xustificación, sangría, interlineado... Coñecer os conceptos básicos asociados ás páxinas: marxe, formato de papel... 		1	2	3
			1	2
				1
Utilizar as funcións básicas dun procesador de textos:				

<p>redactar documentos, almacenalos e imprimilos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Distinguir entre, abrir, e crear un documento. <p>Crear un documento, escribir un texto simple e almacenalo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Abrir un documento e imprimilo. 		1	2	3
<p>Estruturar internamente os documentos: copiar, cortar e pegar modificar</p> <ul style="list-style-type: none"> • Seleccionar un texto utilizando distintos procedementos. • Utilizar as funcións cortar, copiar e pegar textos na revisión e edición do texto. • Proporcionar diversos atributos a un texto e modificalos. • Definir e modificar as características dun parágrafo. • Inserir imaxes nun documento. 		1	1 2 1	3 2 3
<p>Coñecer o uso do teclado.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Diferenciar cada un dos conxuntos de teclas nos que se organiza o teclado: alfanumérico, teclas de función, numérico, desprazamento, etc. • Coñecer as funcións das principais teclas de desprazamento. • Coñecer as funcións das teclas: teclas multicarácter... 		1	2	1 3 1

Tratamento da imaxe	INF	1°C	2°C	3°C
<p>Usar un editor gráfico para facer debuxos e gráficos sinxelos, almacenar e imprimir o traballo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as principais ferramentas dun editor gráfico (pincel, encher, liñas, formas...) e con elas facer un debuxo sinxelo. 	1	2	3	4
Entretemento e aprendizaxe coas tic	INF	1°C	2°C	3°C
<p>Controlar o tempo que se dedica ao entretemento coas TIC e o seu poder de adicción.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Distinguir entre un uso normal dun xogo ou entretemento relacionado coas TIC e unha dedicación de tempo excesiva. • Ter un certo control do tempo de uso dos xogos e demais entretementos que proporcionan as TIC • Coñecer fontes de información útil en internet. 	1	2	3	4
	1	2	3	4
			1	2
Actitudes xerais ante as tic	INF	1°C	2°C	3°C
<p>Desenvolver unha actitude aberta e crítica ante as novas tecnoloxías</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ter unha actitude aberta ante as TIC e estar disposto a utilizar os seus recursos no ámbito escolar e no persoal. • Coñecer os riscos e consecuencias de descargar software ilegal. 			1	2
				1

4. Estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos

Cada nivel conta con un profesor enlace cos membros do equipo TIC, para acercar dudas, suxerencias e en especial procesar tarefas dos alumnos cara a Web.

Cada período de 15 días realizarase unha xuntanza do equipo TIC responsable do uso e fomento das TIC no centro, acadando nestas reunións estratexias para por en practica o bo funcionamento do proxecto.

O mesmo tempo recolleranse ahí calquera nova proposta que vaia xurdindo, mesmo reflectiranse as dificultades atopadas por mor de dar solución.

Distribuiranse dentro do equipo as distintas funcións para optimizar recursos e tempo, para o que se nomearán responsables que farán a súa tarefa nas horas de dedicación ao centro.

-Coordinador do proxecto e Contacto ca UAC .

-Supervisor dos recursos educativos .

-Responsable de equipamentos e conexión co ANPA.

Cada período de 15 días informarase na xuntanza do equipo de ciclo dos acordos tomados no equipo das TIC o tempo que se recollerá todo o que sexa relevante.

5. Plan de avaliación anual tendente a detectar obxectivos alcanzados e non cumpridos, así como estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.

Consideramos que o proceso avaliativo máis eficiente, fiable e claro é a observación directa na aula, na casa (web)etc, de cada un dos elementos que interveñen, polo que propomos unha avaliación onde se contrasten e valoren tanto os produtos elaborados como a aceptación, emprego, idoneidade para cada un dos nosos nenos.

Cada material e actividade desenvolvida terá unha observación directa sobre todos os elementos que inciden nela. Esta avaliación permitirá un rebrandexamento de calquera aspecto que non fose axeitado.

Contaremos con:

Avaliación formativa. Esta será continua ao longo de todo o proceso baseándonos na recollida de datos a través do seguimento dos traballos desenvolvidos e de enquisas puntuais, e deseñando accións correctoras en caso de detectar dificultades importantes para a consecución dos obxectivos propostos.

8. Detección de necesidades formativas do profesorado. Elaboración dun plan de formación interno que permita difundir boas prácticas e aproveitar ideas e coñecementos doutros compañeiros docentes.

A maioría do profesorado participante no proxecto ten coñecementos informáticos a nivel de usuario medio, con utilización habitual de programas como Word, Internet Explorer, e un aceptable coñecemento do entorno Windows. Un grupo de participantes teñen un coñecemento máis avanzado na utilización de recursos educativos, como Webquest, Blogs, PowerPoint, etc, que participarán, na medida do posible, no obxectivo de alcanzar unha formación mínima axeitada para a meirande parte do profesorado.

Consideracións fundamentais para que a integración das TIC's no aula sexa posible

- O docente debe perder o medo ás TIC e asumilas como unha ferramenta que lle favorece no seu traballo.

- Os avances tecnolóxicos ao incorporarse ao aula traen máis beneficios e diso hai que convencer ao corpo docente.
- Para perderlle medo, o docente debe coñecer as TIC. En efecto, faise necesario un programa de adestramento, adestramento e información sobre TIC para o corpo docente.
- O outro protagonista do aula, o estudante, tamén debe ser asesorado, informado e adestrado no uso das TIC.
- Unha reforma curricular. As áreas de coñecemento, os procesos de ensino-aprendizaxe, a avaliación, o material de apoio didáctico, etc.; todo debe adecuarse.
- Espazo físico adecuado, recursos tecnolóxicos actualizados e suficientes.
- Planificación dunha integración das TIC's no aula, tomando en conta os recursos e posibilidades reais de cada centro educativo.
- Aínda que pode darse como iniciativa do docente, dos estudantes, da institución, a comunidade, etc., o apoio do Estado demostrado e as políticas claras que apoien a integración das TIC's no aula sería de gran axuda.

7. Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para obter información e aprendizaxe.

Creemos que é un ámbito no que hai moitísimas posibilidades, tanto para a consulta de libros no propio centro, como para compartir os arquivos con outros centros lindeiros. É unha forma moi produtiva de aprendizaxe e interrelacións escolares.

Dentro do espazo de biblioteca hai un rincón con catro ordenadores para acceder os espazos de “biblioteca virtual” o tempo que poder visitar puntos de internet en horario non lectivo.

Pretendemos seguir a interrelación dos departamentos BIBLIO-TIC para:

- os espazos web,
- proxeccións no encerado dixital,
- proxeccións de textos a gran grupo
- proxeccións de videos en charlas

8. Fomento de valores democráticos, tratamento da diversidade, atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e medidas para promover o acceso ás Tics en condicións de igualdade

Entendemos que a educación debe encamiñarse cara á formación integral do individuo, desenvolvendo a súa autonomía e a súa integración social, debemos integrar as Tecnoloxías na

nosa resposta educativa á diversidade, pois se converten nunha vía de acceso preferente para a participación do alumnado con necesidades educativas.

OBXECTIVOS

- Favorecer a integración curricular das novas tecnoloxías e a tecnoloxía de axuda, mellorar a calidade da resposta educativa á diversidade e aumentar a calidade de vida dos alumnos con NEE.
- Adicar medios específicos que poidan ser de axuda e beneficio para as persoas con necesidades educativas especiais.
- Permitir ao alumno con graves minusvalideces da fala e a linguaxe (de xurdir algún caso), comunicarse con calquera outra persoa, a través da escritura ou a saída en voz artificial das mensaxes elaboradas.
- Continuar dotando de equipamento informático as aulas de PT e AL, cando xurdan necesidades específicas .
- Adquirir axudas de técnicas individuais para alumnos con necesidades educativas especiais; Formación do profesorado en Tic e Diversidade.
- Facilitar todo tipo de comunicación sen barreiras espazo-temporais-virtuais

9. Medidas para difundir o proxecto entre o alumnado, as familias e a comunidade educativa en xeral de maneira que se fomente a súa participación nel.

-Utilización da páxina WEB como principal canle de información do proxecto de incorporación das TIC á vida académica do Centro, dos materiais elaborados e de todo aquilo que poida resultar de utilidade á comunidade educativa en xeral.

- Farase creación de trípticos onde figurará a información máis relevante para o bo fin do proxecto .Informaremos así a toda a comunidade educativa, (familias, alumnado, profesorado) de todo lo que se está realizando e invitaremos á participación nas actividades que lles interesen, a través de charlas, carteis, presentacións, vídeos, etc
- Outra actividade que servirá para a divulgación dos resultados serán as visitas a outros centros e a organismos oficiais para ofertar as nosas experiencias e recibir outras novas.
- Organizaranse diversas actividades formativas que difundan o proxecto e as súas vantaxes entre os membros da comunidade educativa.
- Coa Consellería de Educación: a través do Centro de Formación e Recursos, amosándonos dispostos a comunicar a realización da nosa experiencia a todo o profesorado interesado.

- A nosa revista escolar A FONTIÑA recolle e amosa a todos os internautas de forma dixital a vida e vivencias do noso centro, a nosa historia e a nosas historias.

Táboa de contidos

1.Xustificación e antecedentes	2
2. Utilización e aproveitamentos dos recursos existentes e organización dos espazos no centro.....	3
3, Obxectivos, metodoloxía, actividades, iniciativas pedagóxicas innovadoras e cambios metodolóxicos que fomenten un mellor aproveitamento das Tic nas aulas.	4
Obxectivos xerais:.....	4
Específicos do profesorado:.....	4
Específicos da aula:.....	4
Específicos das familias:.....	5
Metodoloxía.....	5
Actividades.....	6
Secuenciación das Dimensións e indicadores das competencias básicas(TIC).....	7
Dimensións.....	7
Competencias.....	7
Sistemas informáticos (hardware, redes, software).....	7
O sistema operativo.....	8
Procesamiento de textos	9
Tratamento da imaxe.....	10
Entretemento e aprendizaxe coas tic.....	11
Actitudes xerais ante as tic.....	11
4. Estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos.....	11
5. Plan de avaliación anual tendente a detectar obxectivos alcanzados e non cumpridos, así como estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.	12
8. Detección de necesidades formativas do profesorado. Elaboración dun plan de formación interno que permita difundir boas prácticas e aproveitar ideas e coñecementos doutros compañeiros docentes.....	12

7. Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para obter información e aprendizaxe.	13
8. Fomento de valores democráticos, tratamento da diversidade, atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e medidas para promover o acceso ás Tics en condicións de igualdade..	13
9. Medidas para difundir o proxecto entre o alumnado, as familias e a comunidade educativa en xeral de maneira que se fomente a súa participación nel.	14